

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e tres de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 de novembro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/4476, o día 18 de novembro de 2021, presentado por dona María Jesús González Roel, concelleira do Partido Popular, no que comunica a súa ausencia do termo municipal do día 23 ao día 30 de novembro de 2021, ambos incluídos.

- Resolución do 10 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2022, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 224, do 22 de novembro de 2021). Consta: "*Cambre: 1 de marzo, martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Cambre.*"

- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña, de modificación das bases reguladoras do programa de subvencións dirixidas a concellos para a realización de festivais de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2021, publicadas no BOP núm. 210, do 4 de novembro. (Boletín Oficial da Provincia número 223, do 23 de novembro de 2021).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados da relación das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 12 ao día 18 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1979/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 2039/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1979/2021	12-11-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de novembro de 2021
1980/2021	12-11-2021	Reclamación por danos ocasionados en farol de iluminación pública na estrada Cambre-Temple, no entorno da Marisqueira, Cambre, debido ao choque do vehículo marca Seat, modelo Córdoba, o día 25 de novembro de 2020, ao saírse da vía.
1981/2021	12-11-2021	Contrato Menor: Pólizas de seguros de accidentes e de responsabilidade civil. Cursos Plan AFD 2021-22
1982/2021	12-11-2021	Orde de execución árbores invadindo vía pública e en contacto con tendido en Brexo denunciado MSP e herdeiros e herdeiros de JLS
1983/2021	12-11-2021	Orde de execución tullas Eira de Arriba. Propietario CGLM e MRS,.
1984/2021	12-11-2021	Orde de execución por invasión de camiños en San Bartolomé, Pravio. Propietario: AFN e AM <sup>RI</sup> R
1985/2021	12-11-2021	Orde de execución por estado de parcela sita en rúa Pintor Lucio Muñoz, Cambre. Propiedade: P
1986/2021	12-11-2021	Orde de execución Sigrás de Abaixo, vexetación invadindo vía pública. Propiedade: JRC
1987/2021	12-11-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 400 euros. Solicitante: YLC
1988/2021	12-11-2021	Conceder a axuda emerxencia social para recibos de luz e gas por importe total de 236,36 euros. Solicitante: MRCB
1989/2021	12-11-2021	Orde de execución Sigrás de Abaixo vexetación en contacto con tendido. Propietario: MdelCAF
1990/2021	12-11-2021	Conceder a licenza municipal para realizar un recheo con 97.066 m <sup>3</sup> de material apto para uso agrícola en seis fincas degradadas por unha explotación mineira, sitas no lugar de Quintán, parroquia de Cecebre. Solicitante: LFC
1991/2021	12-11-2021	Conceder as axudas recibos de gas por importes de 10,62 euros e de 5,61 euros. Solicitante: ADCM
1992/2021	15-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 163.635,16 euros
1993/2021	15-11-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Paso de lontras baixo a AC-221 no encoro Abegondo-Cecebre", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 1.358,73 euros, así como o seu pagamento
1994/2021	15-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 36.639,51 euros
1995/2021	15-11-2021	Denegación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a V.P.F.
1996/2021	15-11-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de novembro de 2021



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1997/2021	15-11-2021	Concesión axuda emerxencia social para recibos de aluguer por importe total de 600 euros a M.M.
1998/2021	15-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 10.324,16 euros
1999/2021	15-11-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira". Convenio de cooperación coa Excm. Deputación provincial núm. 73/2019, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 3.978,43 euros, así como o seu pagamento.
2000/2021	15-11-2021	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de outubro de 2021 e o seu pagamento.
2001/2021	15-11-2021	Multas de tráfico - 99500000024204 Acordos de inicio
2002/2021	15-11-2021	Contrato Menor mediante sistema vale pedido consistente na prestación do servizo de control arqueolóxico das obras de Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre
2003/2021	15-11-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a L.P.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2004/2021	15-11-2021	Alta SAF M.M.M.
2005/2021	15-11-2021	Compensación do importe concordante da factura F/2021/1545 de Emalcsa co reintegro de pagos indebidos a prol do concello derivado da Resolución da concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos nº 730/2021 e pago do exceso non compensado
2006/2021	15-11-2021	"CAMPAÑA DE NADAL 2021"
2007/2021	15-11-2021	Conta xustificativa – Anticipo caixa fixa 1/2020 Tesourería municipal
2008/2021	15-11-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como redutor de velocidade en PK 0+748 da DP-1702, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 18.572,14 euros, así como o seu pagamento
2009/2021	16-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 20.867,36 euros
2010/2021	16-11-2021	Alta SAF J.J.Y.C.
2011/2021	16-11-2021	Alta SAF D.L.S.
2012/2021	16-11-2021	Alta SAF M.L.M.P.
2013/2021	16-11-2021	Concesión axuda aluguer a A.D.S.V. por importe de 425 euros
2014/2021	16-11-2021	Concesión axuda recibo de auga por importe de 50,45 euros e 14 recibos de gas por importe total de 611,66 euros a M.J.B.B.
2015/2021	16-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 470,00 euros
2016/2021	16-11-2021	Aprobación do padrón do prezo público do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de novembro 2021
2017/2021	16-11-2021	Programa de Nadal 2021
2018/2021	17-11-2021	Celebración voda civil o día 27 de novembro de 2021 ás 12 horas.
2019/2021	17-11-2021	Aprobación visita de Papá Noel aos centros escolares de Cambre 2021 e concurso do Cartel de Reis Magos en Cambre do ano 2022.
2020/2021	17-11-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentación a J.R.R.M., por superar



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		o límite máximo de ingresos establecido na ordenanza reguladora
2021/2021	17-11-2021	Multas tráfico - 99500000024270 Acordos de inicio
2022/2021	17-11-2021	Corrección de erro material na Resolución da Alcaldía núm. 1943/2021, do 8 de novembro, de numeración de edificios
2023/2021	17-11-2021	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 259,00 euros
2024/2021	17-11-2021	Alta SAF I.L.P.
2025/2021	17-11-2021	Alta SAF M.L.P.M.
2026/2021	17-11-2021	Alta SAF M.T.S.P.
2027/2021	17-11-2021	Alta SAF M.A.L.C.
2028/2021	17-11-2021	Alta SAF N.C.P.O.
2029/2021	17-11-2021	Alta SAF E.M.M.
2030/2021	17-11-2021	Contrato Menor. Adquisición de libros. Cursos Soldadura Plan AFD 2021-2022 e Obradoiro de Emprego PROXEDIS- PROWEB III (2021-2022)
2031/2021	17-11-2021	Reclamación relativa aos recibos 3168/203 e 204 de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración por importes elevados por presunta avaría na instalación.
2032/2021	17-11-2021	Corrección erro Resolución nº 1971 /2021 de data 11/11/2021
2033/2021	17-11-2021	Declaración de obra nova de templo e adro-cemiterio parroquial en San Paio, Brexo.
2034/2021	17-11-2021	Declaración de obras de rehabilitación e construción de novas edificacións na rúa Estorrentada, a prol de I.B.T. e N.M.H.
2035/2021	17-11-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras de rehabilitación de cuberta da vivenda sita na Mota (Cecebre), sen adaptarse á comunicación previa presentada número 2021/U026/000034, así como modificación dos ocos das fachadas, construción dun novo volume e demolición dun soportal e dun anexo da edificación principal. Titulares: R.R.L. e S.M.C.
2036/2021	18-11-2021	Licenza de parcelación de terreo sito no lugar de Samosteiro, de 986 m <sup>2</sup> , en tres parcelas
2037/2021	18-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 26.211,04 €
2038/2021	18-11-2021	Resolución solicitude permiso por enfermidade moi grave de familiar
2039/2021	18-11-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 19 de novembro de 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Adjudicación do contrato menor correspondente á "Subministración de reposición de maquinaria para o obradoiro de soldadura do Centro Municipal de Formación", á empresa Suministros y Motores, S.L. (SUUMO), no prezo ofertado de 11.137,00 euros sen IVE, e 13.475,77 euros con IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000214

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos, presentados pola empresa Jardinería Arce, S.L. adxudicataria das obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional "Horta do Cura". Expediente núm. 2021/C002/000159

- Adxudicación do contrato menor correspondente á "Subministración de Equipos de Protección Individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2021-22 e do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022", ao empresario Pablo Carrón Reboredo, no prezo ofertado de 10.242,00 euros sen IVE, e 12.392,82 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000215

- Adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de "Celebración de concertos de música de Jazz 2021, no Centro sociocultural do Graxal, e na Casa de cultura Vila Concepción" ao empresario José Luis Torrado Rodríguez no prezo ofertado de 14.989,00 € sen IVE, 18.136,69 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000227

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen á Xunta de Goberno Local.

**A) Adxudicación do contrato menor correspondente á "Subministración de reposición de maquinaria para o obradoiro de soldadura do Centro Municipal de Formación", á empresa *Suministros y Motores, S.L. (SUYMO)*, no prezo ofertado de 11.137,00 euros sen IVE, e 13.475,77 euros con IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000214**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 29/10/2021 se asina pola responsable de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Proposta-Informe de Necesidade", no que se inclúe o documento denominado "Memoria valorada", correspondente á "Subministración de reposición de maquinaria para o obradoiro de soldadura do Centro Municipal de formación" elaborado pola responsable de desenvolvemento local, cun importe de licitación de 12.180,00 euros sen IVE, 14.737,80 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 20 días.

O Concello de Cambre, dentro das políticas activas de emprego que forman parte das competencias municipais pode desenvolver as seguintes actividades:

- O art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, especifica "... *O municipio poderá tamén exercer actividades complementarias das propias doutras administracións Públicas e, en particular, as relativas a:..... A ocupación e loita contra o paro...*"
- O art. 3 da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, especifica que non se entenderán como novas competencias, e polo tanto, as Adm. Locais poderán exercelas "...a) *A continuidade da prestación de servizos xa establecidos,..... d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades...*"
- O art. 8.3 da lei 56/2003, do 16 de decembro, establece que as comunidades autónomas poderán establecer colaboracións con outras entidades para a posta en marcha das políticas activas de emprego. Así mesmo nesta lei no seu artigo nº 4 di "Os Servizos Públicos de Emprego das comunidades autónomas establecerán os mecanismos de colaboración e no seu caso de participación coas corporacións locais para a execución dos programa e medidas de políticas activas de emprego".



A dita contratación considérase necesaria tendo en conta que detectouse que catro máquinas da aula/obradoiro de metal do Centro Municipal de Formación , en concreto as máquinas inventariadas cos seguintes códigos: ME/MA0028, ME/MA0031, ME/MA0100 e ME/MA0108 precisan reparación, de xeito que tres das máquinas avariadas non teñen posibilidade de arranxo e a outra non compensa polo custo que supón, pola antigüidade da máquina e o número de avarías que constan na súa ficha de historial . Por este motivo, na actualidade, o obradoiro de metal do CMF ten fóra de funcionamento, por avaría irreparable, as 4 máquinas (2 semiautomáticas MIG/MAG e 2 de electrodo e TIG) necesarias para a impartición das dúas especialidades homologadas. O uso continuado da maquinaria e a súa antigüidade, (compradas a meirande parte delas entre os anos 1994 e 2009) fan necesario a substitución delas por outras máis actualizadas e en perfecto uso, debendo terse en conta que a evolución tecnolóxica que están a experimentar a industria do metal e a súa maquinaria na implantación dos seus procedementos é cada vez máis rápida, polo que, tanto as empresas como os centros de formación profesional (Ciclos formativos e centros homologados para impartir certificados de profesionalidade) teñen que adaptarse aos ditos cambios e actualizar constantemente o seu equipamento e maquinaria. Ademais, o docente que vai a impartir as especialidades nesta anualidade solicita que o obradoiro estea equipado con máquinas de tecnoloxía actual en materia de electrodo das que na actualidade non dispón o CMF, polo que se precisa comprar 4 máquinas novas de electrodo MMA pulsado de nova tecnoloxía .

Por último, co fin de impartir os certificados de profesionalidade das especialidades formativas “Soldadura oxigás e soldadura MIG MAG” e “Soldadura con electrodo revestido e TIG ”, aprobados por Resolución da xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña do 14/09/2021 por importe de 166.320,00 euros e enmarcados dentro do Plan AFD 2021-2020, mantendo os requisitos esixidos nos seus reais decretos, é necesaria a contratación do equipamento establecido neste procedemento. Para executar satisfactoriamente a subvención solicitada á Consellería de Emprego e Igualdade a través da plataforma SIFO o día 24/05/2021 nº de solicitude SLC-AFD-2021/00267, con base na Orde do 16 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) na Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023 e primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 código TR301K (DOG núm. 81 de 30/04/2021) segundo se establece no artigo 18.11 da citada orde “*Execución da actividade por parte das entidades beneficiarias*”, contéplase o seguinte “...11. **Por á disposición das persoas alumnas os materiais didácticos que se precisen de forma indubitada para a axeitada realización da formación, así como os equipamentos axeitados tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade**”, *necesítase a compra de nova maquinaria*.

Con data 29/10/2021 emítense documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241 62300 (maquinaria fomento de emprego)

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 09/11/2021 emítense informe pola responsable de desenvolvemento local, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Comercial Diresa, S.L.
- Herramientas y Maquinaria de Soldadura, S.L.
- Cobos Pavón, S.L.
- Suministros y Motores, S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESARIO	Oferta Sen IVE	Oferta económica IVE incluído (21%)
Comercial Diresa, S.L.	11.567,00	13.996,07
Herramientas y Maquinaria de Soldadura, S.L.	11.740,00	14.205,40
Cobos Pavón, S.L.	11.276,00	13.643,96
Suministros y Motores, S.L.	11.137,00	13.475,77

Formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á “*Subministración de reposición de maquinaria para o obradoiro de soldadura do Centro Municipal de Formación*” á empresa Suministros y Motores, S.L. (SUUMO), co CIF B 15403\*\*\*\* e domicilio na Avda. Nicasio Pérez. Parc. 20-21 Nave 67 Pol. Ind. La Gándara. 15404 Ferrol (A Coruña), no prezo ofertado de 11.137,00 euros sen IVE, e 13.475,77 euros con IVE incluído, por ser a empresa que presentou a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 19 de novembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 464/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 20 de novembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias do Concello en materia de políticas activas e emprego e concorrencia a convocatorias de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a “Memoria valorada”, correspondente á “*Subministración de reposición de maquinaria para o obradoiro de soldadura do Centro Municipal de formación*” elaborada pola responsable de desenvolvemento local con data do 29/10/2021, por importe de 12.180,00 euros sen IVE, 14.737,80 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 20 días, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241 62300 (maquinaria fomento de emprego).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000214, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á “*Subministración de reposición de maquinaria para o obradoiro de soldadura do Centro Municipal de Formación*” á empresa Suministros y Motores, S.L. (SUYMO), co CIF B 15403\*\*\*\* e domicilio na Avda. Nicasio Pérez. Parc. 20-21 Nave 67 Pol. Ind. La Gándara. 15404 Ferrol (A Coruña), no prezo ofertado de 11.137,00 euros sen IVE, e 13.475,77 euros con IVE incluído, por ser a empresa que presentou a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato á responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, dona Ana M<sup>a</sup> Portela Torrón, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese á responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos, presentados pola empresa Jardinería Arce, S.L. adxudicataria das obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional "Horta do Cura". Expediente núm. 2021/C002/000159**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C002/000159 para a contratación das “Obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional “Horta do Cura”.



Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de outubro 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa *Jardinería Arce, S.L.*

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce, S.L.* con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 16 de novembro de 2021 y número 202199900006245, ao que achega o informe favorable emitido por don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022). Exp. 2020/C004/000022.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 22 de novembro de 2021 e número 202199900006356.

Visto o informe favorable emitido con data 22 de novembro de 2021 pola arquitecta técnica municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcións e o RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, como á Orde MAM/304/2002 pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e lista europea de residuos.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución das "Obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional "Horta do Cura". Expte 2021/C002/0000159.

**Segundo:** Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución das "Obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional "Horta do Cura". Expte. 2021/C002/000159.

**Terceiro:** Notificar este acordo á empresa *Jardinería Arce, S.L.* e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Quinto:** Notifíquese á arquitecta técnica municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Adjudicación do contrato menor correspondente á "Subministración de Equipos de Protección Individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2021-22 e do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022", ao empresario Pablo Carrón Reboredo, no prezo ofertado de 10.242,00 euros sen IVE, e 12.392,82 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000215**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 28/10/2021 se asina pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Proposta-Informe de Necesidade", no que se inclúe o documento denominado "Memoria", correspondente á "Subministración de Equipos de Protección Individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2021 22 e do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022" elaborado pola axente de desenvolvemento local, cun importe de licitación de 13.833,50,00 euros sen IVE, 16.738,54 euros IVE incluído, que por especialidade formativa obedece á seguinte desagregación:

ESPECIALIDADE FORMATIVA	Pspto Total Sen IVE	21% IVE	TOTAL PSPTO
Soldadura con electrodo revestido y TIG	3.632,00 €	762,72 €	4.394,72 €
Soldadura oxigás y soldadura MAG-MIG	3.502,00 €	735,42 €	4.237,42 €
Taller Empleo PROXEDIS-PROWEB III	6.699,50 €	1.406,90 €	8.106,40 €
<b>TOTAL</b>	<b>13.833,50 €</b>	<b>2.905,04 €</b>	<b>16.738,54 €</b>

A dita contratación considérase necesaria tendo en conta que o Concello de Cambre pode "exercer competencias en materia de políticas activas e emprego, conforme se estipula no art. 3 3.d) "A concurrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co art. 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderán como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención".

Visto que o art. 8.3 da lei 56/2003, do 16 de decembro, establece que as comunidades autónomas poderán establecer colaboracións con outras entidades para a posta en marcha das políticas activas de emprego. Así mesmo nesta lei no seu art. 4 di "Os Servizos Públicos de Emprego das comunidades autónomas establecerán os mecanismos de colaboración oportunos e no seu caso de participación coas corporacións locais para a execución dos programas e medidas de políticas activas de emprego". O dito proxecto enmárcase dentro das políticas de emprego establecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia:

#### 1.- CURSOS PLAN AFD:

Esta contratación considérase necesaria para executar a programación de cursos do Plan AFD (persoas desempregadas), aprobados por resolución de data 14/09/2021, da xefa territorial da Coruña da Consellería de

Emprego e Igualdade, pola que se concede ó Concello de Cambre unha subvención para executar cursos de formación ocupacional, e contempla o financiamento dos gastos de funcionamento, entre os que se inclúen os gastos de equipos de protección individualizada do persoal e alumnado participante. (Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas do Plan Formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ó exercicio 2021/2022 (Plan AFD). En concreto para a execución das especialidades: **“Soldadura con electrodo revestido e TIG” e “Soldadura oxigás e soldadura MIG MAG”**

## 2.- TALLER DE EMPREGO PROXEDIS-PROWEB III:

A dita contratación considérase necesaria para executar o Obradoiro de Emprego “PROXEDIS-PROWEB III”, aprobado por resolución de data 09/09/2021, da xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se concede ó Concello de Cambre unha subvención, para executar Obradoiro de Emprego “PROXEDIS-PROWEB III”, e financiar os gastos de funcionamento, entre los que se inclúen os gastos de equipos de protección individualizada do persoal participante. (Orde do 31 de decembro de 2020, DOG nº. 22 de 3/02/2021 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Obradoiro e de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. En concreto para a execución das especialidades: **“Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e “Confeción e publicación de páxinas web”**

No art. 31 da citada orde, “Subvención para custos de formación profesional para o emprego” di: “consideraranse como gastos de formación profesional para o emprego e, se é o caso, de educación básica, susceptibles de ser subvencionados:.... B) Os medios e materiais didácticos e de consumo para a formación”.

Ademais, o desenvolvemento destas actividades forman parte das competencias municipais, xa que:

- No art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, especifica “.... O municipio poderá tamén exercer actividades complementarias das propias doutras administracións Públicas e, en particular, as relativas a:..... A ocupación e loita contra o paro...”
- No art. 3 da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, especifica que non se entenderán como novas competencias, e polo tanto, as Adm. Locais poderán exercelas “...a) A continuidade da prestación de servizos xa establecidos,..... d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades...”

Con data 29/10/2021 emítense documentos de “Retención de crédito” pola Intervención municipal nos que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241 22104 (vestiario promoción de emprego)

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019, do 1 de xullo, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 09/11/2021 emítense informe pola axente de desenvolvemento local, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Naisa Seguridade Laboral, S.L.
- Pablo Carrón Reboredo, S.L.

- Exclusivas Alonso Deive, S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESARIO	Oferta Sen IVE	Oferta económica IVE incluído (21%)
Naisa Seguridade Laboral, S.L.	10.612,36	12.840,96
Pablo Carrón Reboredo, S.L.	10.242,00	12.392,82
Exclusivas Alonso Deive, S.L.	10.938,94	13.236,11

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao “Subministro de Equipos de Protección Individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2021/22 e do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022” ao empresario Pablo Carrón Reboredo, co NIF: \*\*\*\*\*831A e domicilio na rúa Monte Faro 78 Bajo. 36500. Lalín. (Pontevedra), no prezo ofertado de 10.242,00euros sen IVE, e 12.392,82 euros con IVE incluído, por ser o licitador que presentou a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, e cumprir cos requisitos esixidos na Memoria valorada.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 22 de novembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 470/2021- Reparos 148 R (non suspensivo), emitido polo interventor da Corporación con data do 22 de novembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a Memoria correspondente á “Subministración de Equipos de Protección Individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2021-22 e do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022” elaborado pola axente de desenvolvemento local con data 28/10/2021, cun importe de 13.833,50,00 euros sen IVE, 16.738,54 euros IVE incluído, así como a necesidade de contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241 22104 (vestiario promoción de emprego)

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000215, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á “*Subministración de Equipos de Protección Individualizada (EPIS) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2021-22 e do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022*” ao empresario Pablo Carrón Reboredo, co NIF: \*\*\*\*831A e domicilio na rúa Monte Faro 78 Bajo. 36500. Lalín. (Pontevedra), no prezo ofertado de 10.242,00 euros sen IVE, e 12.392,82 euros con IVE incluído, por ser o licitador que presentou a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, e cumprir cos requisitos esixidos na Memoria valorada.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designase como responsable do contrato á axente de desenvolvemento local dona Sonia Machín Herranz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese á responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de "Celebración de concertos de música de Jazz 2021, no Centro sociocultural do Graxal, e na Casa de cultura Vila Concepción" ao empresario José Luis Torrado Rodríguez no prezo ofertado de 14.989,00 € sen IVE, 18.136,69 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000227**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:



«Con data 10/11/2021 asínase pola dinamizadora cultural o documento denominado “*Memoria Valorada*” no que se describen o servizo a contratar e os traballos a realizar para a realización de concertos de Jazz no interior 2021, cun importe de licitación de 14.995,32 euros sen IVE e 18.144,33 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 3 días.

Con data 11/11/2021 asínase pola dinamizadora cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-informe de necesidade”, para a realización do servizo de “*Celebración de concertos de música de Jazz 2021, no Centro sociocultural do Graxal, e na Casa de cultura “Vila Concepción”*”.

A xustificación da necesidade do contrato, así como a súa natureza e extensión, redunda nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, conforme se estipula no artigo 25.2. l) y m) de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O obxecto do presente contrato é a promoción da música de Jazz, nesta ocasión coa celebración de 3 concertos, durante os meses de novembro e decembro de 2021, na parroquia do Temple e nas dúas instalacións municipais: o centro sociocultural do Graxal e a Casa da Cultura “Vila Concepción”, pretendendo con elo achegar unha vez máis unha oferta cultural de calidade, nesta ocasión en interior, a todo o público que estea interesado e co aforo que permita a normativa vixente en cada momento, debido á situación actual, motivada polo Covid-19, e tendo presentes as normativas de seguridade e hixiene recomendadas polas autoridades sanitarias.

Con data 10/11/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 334 22609 (Actividades culturais).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 17/11/2021 emítase informe elaborado pola dinamizadora cultural coa conformidade de coordinador de actividades culturais e educativas, no que consta que no expediente foron invitados os seguintes licitadores:

- Manarte Producciones s.l.
- José Luis Torrado Rodríguez
- Alberto Beade Ríos

E que presentou en prazo oferta o seguinte licitador:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
JOSÉ LUÍS TORRADO RODRÍGUEZ	14.989,00	18.136,69

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de “*Concertos Jazz no interior 2021*”, ao empresario *José Luis Torrado Rodríguez*, con NIF: 32\*\*\*\*15V, domicilio en Bribes pequeno 21 A, 15659 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 14.989,00 € sen IVE, 18.136,69 € IVE incluído, por ser o única empresario que presentou oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e

2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 19 de novembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 469/2021 – Reparación 147 R (non suspensivo), emitido polo interventor da Corporación con data do 22 de novembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de “*ocupación do tempo libre e promoción da cultura*”, conforme se estipula no artigo 25.2. l) y m) da Lei 7/1985, de 2 de abril”, reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a “Memoria valorada”, elaborada pola dinamizadora cultural, para a realización de *concertos de Jazz no interior 2021*, (no Centro sociocultural do Graxal, e na Casa de cultura “Vila Concepción”), cun importe de licitación de 14.995,32 euros sen IVE e 18.144,33 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 3 días, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609 (Actividades culturais).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000227, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adjudicar o do contrato menor correspondente ao servizo de *concertos de Jazz no interior 2021*, (no Centro sociocultural do Graxal, e na Casa de cultura “Vila Concepción”), a prol do empresario *José Luis Torrado Rodríguez*, con NIF: 32\*\*\*\*15V, domicilio en Bribes pequeno 21 A, 15659 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 14.989,00 € sen IVE, 18.136,69 € IVE incluído, por ser o único empresario que presentou oferta e atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato a dinamizadora cultural, dona María Pilar Paz Delgado, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese a responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López